

b) O galego medio: a decadencia do galego e a Ilustración

Durante o século XVI, froito do **espírito renacentista**, as linguas romances convértense en foco de atención. Aparecen as **primeiras gramáticas**, e estas linguas irán adquirindo prestixio, pola consideración como linguas oficiais dos respectivos estados e polo seu cultivo literario. Pero ese non será o caso do galego.

Os **Reis Católicos** imponden a uniformidade política, administrativa e relixiosa nos reinos peninsulares e o castelán convértese en Galicia na única lingua oficial para a administración civil e eclesiástica. O galego perde desde principios do século XVI os usos formais que conquistara durante a Idade Media. Así a todo, a nivel oral, seguiu sendo a única lingua da maior parte da poboación, tanto das clases populares como da nobreza autóctona, pero vese reducido aos rexistros coloquiais da vida cotiá. Durante os séculos XVI, XVII e XVIII o castelán vaise estendendo entre as capas máis altas da sociedade, que, malia ser un sector minoritario da poboación, serven de modelo social, impondo os seus gustos e modas, ademais de seren os únicos con acceso á cultura. Literariamente coincide co período dos Séculos Escuros, en que non temos apenas mostras de literatura feita en galego.

O galego, ao non ser lingua oficial dun estado e comezar a sufrir un deterioro social como consecuencia de afastarse das capas sociais máis altas, quedou **á marxe do proceso de prestixio** das outras linguas romances. O galego tampouco ten consideración de lingua de cultura no momento en que se inventa a **imprenta**, aparello que significou a difusión en masa das linguas. En Galicia só se imprimen textos en castelán ou en latín.

Tamén a **Igrexa** se afastou do galego en favor do castelán: os altos cargos eclesiásticos foran ocupados por persoas maioritariamente non galegas, e cando a modernización lingüística dos oficios relixiosos chega, abandonando o latín, en Galicia farase en castelán.

No século **XVIII** comeza a darse unha mudanza na consideración da lingua mercé aos “**ilustrados**”. A sociedade está nunha situación de **bingüismo diglósico** (a escolla entre galego e castelán non se dá en pé de igualdade pois una das linguas está desprestixiada) e os ilustrados toman conciencia do problema, poñen de manifesto esta situación e sentan as bases para a súa superación. Figuras como o padre **Sarmiento**, o padre **Sobreira**, o padre **Feixoo**, o **cura de Fruíme** defenden a lingua galega, propugnan o ensido do galego e o seu uso como instrumento de educación, como medio para a difusión da doutrina católica, a necesidade de que sexa obrigatorio coñecer a lingua para os funcionarios destinados en Galicia. Algúns deles dedican os seus esforzos a facer estudos etimolóxicos e dicionarios. O labor dos ilustrados facilitará o rexurdir que se producirá no século seguinte.

En canto ás **características da lingua**, neste momento iníciase o proceso de deturpación dos topónimos e dos apelidos galegos. Fonéticamente, a lingua perde algunhas características medievais e distánciase do portugués, coincidindo nestas novas solucións co castelán: perda das vogais nasais, perda da diferenciación de sibilantes xordas e sonoras. Ademais penetran neste período moitos castelanismos que desprazarán definitivamente as formas autóctonas: *Dios, *pueblo, *jueves, *virgen, *iglesia...